DOUS ESTUDIOS SOBRE A COMARCA DE CERDEDO

CARLOS SOLLA VARELA

Os dous estudios que veñen arreo non teñen outra pretensión que a de seren humildes aportacións ó estudio lingüístico etnográfico do concello de Cerdedo (Pontevedra, España) e en particular da freguesía de San Xoán, labor aínda por facer. Coa arela de preservar do ostracismo os nosos máis enraizados sinais de identidade, entréganse estes textos ó meigallo da neotecnoloxía. Agardo vallan para salienta-la singular enxebreza da terriña que me porfillou, sexan así mesmo azo e pulo nas angueiras dos seus veciños, a quen van dedicados.

I. Onomástica pándega: Colleita de alcumes e chamadeiros en terras de Cerdedo.[1]

1. A leira

No cerne da Terra de Montes de *A Vedra*[2], a pouco máis de cinco leguas da capital das Rías Baixas, pola estradiña[3] que de vello achega ó viaxeiro ás chairas castelás. Cerdedo, antigo *Cereseto*, abundancial de *cerasus* "cerdeira", a árbore das cereixas, feitiña baga por gorentosa apreciada*: Comera-la cereixa que o merlo (che) deixa*[4]. Abofé que levou boa enchente o paxaro pois daquelas árbores resta a penas a sombra do topónimo.

O montuoso concello de Cerdedo esgázase en oito parroquias: Castro (Santa Eulalia), Cerdedo (San Xoán), Figueroa (San Martiño), Folgoso (Santa María), Parada (San Pedro), Pedre (Santo Estevo), Quireza (San Tomé) e Tomonde (Santa Mariña). A parroquia de Cerdedo en quince lugarexos: Abelaíndo, Arén, Barro, Biduído, Carballás, Cavadosa, Cavenca, Cerdedo, Cernados, Chamadoira, Limeres, Lourido, Meilide, Revolta e San Bernabé.

[1] Permítaseme dicir que o aquí exposto insírese no que pretende ser unha aproximación etnográfica á parroquia de San Xoán de Cerdedo.

[2] *Pontevedra*, na fala gremial dos canteiros.

[3] N-541

[4] Expresión recollida na zona obxecto de estudio.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Cerdedo é o Lérez[5] que o aleita, a Laxamoura[6] que o asombra, Castrodiz[7] que o acocha, o ar da Penadaigha[8] que o aventa. Cerdedo é a estrada que o xongue, San Xoán[9] que o garda e o pobo que o canta aleuto:

Cerdediño, Cerdediño
Cerdediño para os amores
a fonte na carretera
e San Xoán no medio das torres.[10]

País de canteiros foi, xa que de tódolos froitos que o chan ofrece cómpre salienta-la pedra como o sobranceiro. Alá onde abranguese o *arghina*[11] o táquele-táquele da labra porfiaba co *verbo*[12], enrestrando babélico rechouchío:

—¡Ghinou a raula, murie o alma que abisme!
—¡Soai, soai![13]

Pedreiros da diáspora, mans de ferro, gorxas poeirentas:

Canteiriños de Cerdedo
veñen polo Paraño arriba
neniñas de Vilapouca
tédelle a carne cocida.[14]

---

[5] Río que atravesa no seu curso alto o concello de Cerdedo, desembocando finalmente na ría de Pontevedra.

[6] Grande rocha de cor cincenta que vixía o lugar des unha encosta do Monte do Seixo.

[7] Coto da parroquia de Castro (Cerdedo). Achados prerromanos. Lendas de mouros e fadas. Cantouno o sublime Otero Espasandín: *Castrodiz, rexo castro de celtas, en terras de Cerdedo* [...] *¡Pastor de mámoas en terras de Cerdedo!, Pídoche, Castrodiz, dende esta terra, envellecida nova, metro e medio de chan para cando morra*.

[8] Outeiro do Monte de Abelaíndo, orientación sueste. A grafía *gh* representa o son fricativo faringal xordo (gheada), trazo fonético dialectal característico da zona.

[9] San Xoán Bautista: advocación do concello de Cerdedo.

[10] Cantiga recollida na zona obxecto de estudio.

[11] Canteiro, na xerga do oficio.

[12] Xerga dos pedreiros, tamén *Latín*.

[13] *—¡Cheghou a noite, que traballe o animal que vexa! —¡Así sexa!* Diálogo de canteiros vellos. Pola calada aldraxan ó pinche (xanarra na xerga) quen puña remate á xeira esgotadora limpando e axeitando a ferramenta. Expresión en verbo recollida na zona obxecto de estudio.

[14] Cantiga recollida na zona obxecto de estudio.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

2. A gra

Deus dea bo lombo onde levar mal nome,[15] din os sabidos. O alcume ou alcuño seica se gaña a por de pretendelo xa en propiedade téstase coma o teito, o agro ou os aveños. O alcume fotografa a fasquía, a teima, o aquel insospeitado; inmortalizando a súa singularidade.

O chamadeiro fai saber de onde ou de quen vén un sendo, particulariza fronte á comunidade, bosquexa unha xenealoxía de urxencia; apégase a un cal hedra rubidora.

Alcumes e chamadeiros, posto que o enxeño non ten lindes, mestúranse argallando formas híbridas: alcumes-chamadeiro (alcumeiros) e chamadeiros-alcume (chamadumes).

ESCOLLA DE ALCUMES

Individuais-masculinos

***Apaghavelas, O / Narizán, O / Nariz de a metro, O*:** Por ter bo apéndice nasal. Alcume de trazo físico.

***Cacheiras, O / B. Cacheiras / B. Cacheiro*:**[16] Presentaba un avultamento no sobrecello a raíz dunha ferida mal curada. *B. Cacheiras* e *B. Cacheiro* son exemplos de alcumeiros, o nome de pía faise acompañar do alcume. Alcumeiro de trazo físico.

***Candengo, O*:** Por *candenguear* "xunta-los xeonllos ó camiñar". Alcume de trazo físico.

***Carrapón, O*:** Fillo da *Carrapeta*. Véxase: *Carrapeta, A*. Alcume de trazo físico herdado.

***Cegho de Barbeira, O*:** Violinista invidente natural do lugar de Barbeira-Cotobade (PO). Alcume de trazo físico asociado a locativo.

***Codio, O*:** Ben porque gustaba de laretar.[17] Alcume de trazo psíquico. Ben porque as roupas que vestía, de non veren auga, criaran dous dedos de costra. Alcume de trazo físico.

***Feroz*:** Defensa central do Cerdedo C.F. de temida contundencia. Os siareiros empurrábano ó berro de: *¡Mete o turbo Feroz!*. Alcume de trazo psíquico.

***Ghelfo, O*:** Por ser de queixada dianteira. Alcume de trazo físico.

***Ghrande de Cavenca, O*:** Mozo fraco e alongado. Alcume de trazo físico asociado a locativo.

***Lindoque, O*:** Home da Lindoca. Véxase: *Lindoca, A*. Alcume de trazo físico herdado.

***Miloro, O*:** Home da Milora. Véxase: *Milora, A*. Alcume de trazo psíquico herdado.

***P. do cu roto*:** Non lle duraba un remendo. Alcumeiro de trazo físico.

***Requia, O*:** Vello mestre. Quen o coñeceu afirma que mentres andaba camiño *requeneaba*.[18] Alcume de trazo psíquico.

---

[15] Expresión recollida na zona obxecto de estudio.

[16] A forma abreviada agachará o antropónimo co aquel de preserva-lo anonimato.

[17] Recolléronse na zona as expresións: *Roe-la codecha/codela/codia* con ese significado.

[18] *Requenear*: Falar entre dentes. Quizais de requiem, retallo de rezos.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

***Señor M. do tempo, O*:** Non se acometía labor ningún sen antes consultar co señor M. verbo das témporas: *—¿¡Choverá hoxe señor M.!?* O señor M. consultaba o capón (catavento) da capela de Cavenca, lía o ceo de vagar e prognosticaba certo: *¡Á noite háselle coñecer e como se lle ha de coñecer por iso!* Alcumeiro de trazo psíquico.

***Touqueira*:** O alcume vénlle polo nome dunha leira da que era propietario: *A Touqueira*.[19] Alcume de trazo psíquico.

Colectivos-masculinos

***Boi, Os do*:** Por seren donos dun semental. Alcume de profesión.

***Caghanatrepia, Os*:** Por seren pouquiña cousa. Alcume de trazo físico-psíquico.

***Gharciolos, Os*:** Deformación do apelido Gharcía. Alcume de trazo antroponímico

***Gheiteiros (de Abelaíndo), Os*:** Descendentes de gaiteiro. Alcume de profesión herdado asociado a locativo.

***Montinos, Os*:** Por te-la casa no monte. Alcume locativo.

Individuais-femininos

***Cachela, A*:** De *cacha*, por abanear boas nádegas. Alcume de trazo físico.

***Candenga, A*:** Muller do Candengo. Véxase: *Candengo, O*. Alcume de trazo físico herdado.

***Carrapeta, A*:** Por ser de pouca estatura. Alcume de trazo físico.

***C. "inmoro"*:** Por andar sempre co *inmoro* (retrouso) no papo: *¡Porcos coma os meus inmoro non os hai no lughar inmoro...!*. Alcumeiro de trazo psíquico.

***Fanada, A*:** Faltáballe a metade da orella esquerda, coméralla un porco sendo cativa. Alcume de trazo físico.

***Lindoca, A*:** Non por fermosa. Cantaban os mozos daquela: *¡C. Lindoca/Lindoque non necesita dote porque ten bighote!*.[20] Alcume de trazo físico.

***Milora, A*:** Ten por orixe a fórmula inglesa de tratamento "Milord". Axeitado alcume para quen gustaba de aparentar certa altura. Alcume de trazo psíquico.

***P. do ovo*:** No tempo en que os ovos eran moeda, agardaba que a galiña puxera para ir face-la compra. Alcumeiro de trazo psíquico.

***Rica de Fraghuas, A*:** Tíñase por ricacha. Natural do lugar de Fraguas-Cotobade (PO). Alcume de trazo psíquico asociado a locativo.

***Taracho*:** Deformación do antropónimo Teresa partindo da forma popular *Taresa*. Alcume de trazo antroponímico.

Colectivos-femininos

***Caghallas, As*:** Xente humilde.[21] Alcume de trazo psíquico.

[19] Dúas solucións para o topónimo: a) de *touceira* "brañeira, matogueira". b) de *toqueira* "tobo".

[20] Da expresión: *Muller con bighote non necesita dote*.

[21] Recolléronse na zona as expresións: *Andar á caghalla / Caghallear / Caghalloar* "vivir miseramente".

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

***Canexas, As*:** Por seren de boa estatura e luciren perna fraca.[22] Alcume de trazo físico.
***Caxonas, As*:** Deformación de *Encarnación*, nome que abundaba na casa. Alcume de trazo antroponímico.
***Cucas, As*:** Descendentes de alguén moi agudo. Alcume de trazo psíquico herdado.
***Maias, As*:** Quizais pola cor roxa do cabelo. Alcume de trazo físico.
***Neveiras, As*:** Descendentes dunha Neves. Alcume de trazo antroponímico herdado.
***Paxaras, As*:** Casa de mulleres. Alguén dixo: *¡Aquí non hai máis ca paxaras!* Alcume de trazo físico.
***Pingonas, As*:** Por teren nariz bicudo. Alcume de trazo físico.

Lugares alcumados

***Abellas, As*:** Alcuño do lugar de Cernados. Bo recanto para armar enxames.
***Devandoira*:** Alcuño do lugar de Chamadoira. Acáelle.
***Ghirilló*:** Alcuño do lugar de Biduído. Xente cantareira.
***Serra seca*:** Alcuño do lugar de Lourido. Escaseza de auga.

ESCOLLA DE CHAMADEIROS

Individuais-masculinos

***A. de Lourido*:** Nado no lugar de Lourido. Chamadeiro locativo.
***A. do correo*:** Por leva-lo servicio postal. Chamadeiro de profesión.
***Fogheteiro, O*:** Chamadeiro de profesión.
***G. o da casa nova*:** No lugar fora o único que fixera casa de novo. Chamadeiro locativo.
***Macharés*:** Por te-las súas veigas neste enclave do monte de Carballás. Chamadeiro locativo.
***M. de Carmela*:** Neto dunha Carmela. Chamadeiro de parentesco.
***P. do Santo*:** Fillo dun Santiago. Chamadume de parentesco, o nome de pía asóciase a unha ascendencia alcumada.
S. [apelido] ***de Biduído, O*:** Por ter nado alí. Chamadeiro locativo.

Colectivos-masculinos

***Ghovitos, Os*:** Descendentes dunha Jovita. Chamadeiro de parentesco.
***Manco, Os do*:** Por seren descendentes dalgún. Chamadume de parentesco.
***Marcos, Os*:** Deformación do seu apelido: Márquez. Chamadeiro de parentesco.
***Solla(s) de Abelaíndo, Os*:** De alí somos. Chamadeiro locativo.

[22] Quizais de *canela* "óso da tibia".

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Individuais-femininos

***B. da Moreira*:** Filla da Moreira. Véxase: *Moreira, A*. Chamadeiro de parentesco herdado.
***C. da Ferreira*:** Filla da Ferreira. Véxase: *Ferreira, A*. Chamadeiro de profesión herdado.
***C. de Bernaldo*:** Polo home: Bernaldo. Chamadeiro de parentesco.
***C. dos cacharros / Cacharreira, A*:** Vendíaos. Chamadeiro de profesión.
***Crespa, A*:** Polo apelido do home: Crespo. Chamadeiro de parentesco.
***Ferreira, A*:** Muller do ferreiro. Chamadeiro de profesión herdado.
***Lourenza, A / J. das Lourenzas*:** Por ser descendente dunha ou varias Lourenzas. Chamadeiro de parentesco.
***Lughesa, A*:** Polo lugar de orixe. Chamadeiro locativo.
***M. de Seghunda*:** Filla dunha Seghunda. Chamadeiro de parentesco.
***M. do Santés / Santesa, A*:** Polo nome do pai: Santiagho. Chamadume de parentesco.
***Moreira, A*:** Polo apelido do home: Moreira. Chamadeiro de parentesco.
***P. de Cavenca*:** Nada neste lugar. Chamadeiro locativo.

Colectivos-femininos

***Cruz, As da*:** Por vivir en casa sita nunha encrucillada enfeitada con cruceiro. Chamadeiro locativo.
***Dameanas, As*:** Por seren fillas dun Damián. Chamadeiro de parentesco.
***Estrelas, As*:** Fillas dunha Estrela. Chamadeiro de parentesco.
***Fogheteiras, As*:** Fillas do Fogheteiro. Véxase: *Fogheteiro, O*. Chamadeiro de profesión herdado.
***Pousa, As de*:** Polo apelido do pai: Pousa. Chamadeiro de parentesco.
***Toxa, As da*:** Por viviren no lugar da Toxa, aldea de Meilide. Chamadeiro locativo.
***Viúdo, As do*:** Por seren orfas de nai. Chamadume de parentesco.
***Xilas, As*:** Polo apelido do pai: Xil. Chamadeiro de parentesco.

Sexa a presente escolma homenaxe e louvor á aldea de Cerdedo, terra privilexiada dende onde administro o xeneroso herdo da lingua. Sexa agasallo para as súas xentes. Un vello, un tesouro de douradas moedas de sabedoría.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

II. Cerasetum: San Xoán de Cerdedo, apuntamentos verbo da toponimia maior.

O concello de Cerdedo que xunto ó de Forcarei, e delo medievo, dan xeito á comarca natural da Terra de Montes, agroma nas topografías arremedando ó ferro dun arado de pao que esgazase o terrón da leira pontevedresa. Cerdedo atangue oito parroquias,[23] entre elas a homónima San Xoán de Cerdedo, o bico da ferraxe.

A parroquia de San Xoán estrema ó norte coas de Figueroa, Parada e Folgoso; ó sur co concello de Cotobade, ó leste co concello de Forcarei, e ó oeste coa parroquia de Pedre. Esgrevia freguesía, linda ó norte co curso alto do río Lérez[24] mais co seu fornecedor, o río do Castro (ou de Piñoa);[25] ó sur co curso alto do río do Seixo, tributario do Castro, e a levante co monte do Seixo que, erguéndose a 1.015 m de altitude (Outeiro do Coto), arma o teito da provincia de Pontevedra. O seu amplo lombo de montaña vella é privilexiado miradoiro das Rías Baixas. Martiño Sarmiento, ilustre cerdedense, deixou nos seus escritos testemuño de tamaña singularidade:

> Dista Sotelo una legua de Raposeiras[26] pero yo anduve dos leguas, rodeando y subiendo al monte do Seixo, de camino, con el fin de registrar de lo más alto las rías de Pontevedra, Vigo, Padrón, Noya, etc., si lo permitiese el sol [...] El camino que hice es el siguiente: [...] Principio de la subida al *Seixo*. Porto de Cobaladrós, arroyo. Portela da Moreira. Peña Cavaleirada, una sobre otra. Porto da Mô. Y a la izquierda La Gayosa, Rebordelo. Outeiro Branco {También hay en el Seixo el Outeiro Salumbreiro}. As Laceiras. A Laxe Longa. Porto Gestido Pequeño. Campo dos Teixugos. *Coto do Toucedo*. *Outeiro da Cama*. *A Laxe do Mosqueiro*. {Es muy alto, se junta el ganado cara al poniente a recibir el aire del mar}.[27] *Outeiro Salumbreiro*. *O Chao do Tendal*.
>
> A la derecha quedan: As Pozas do Gestido Grande, en donde nace el río do Seixo, que baja a Raposeiras. La falda do Outeiro do Coto, que es el más alto. *Principio do Biòco*. *Cuesta* o bajada a *Presqueira*. *Santa Mariña de Presqueira*, una legua. *Afonsín*, aldea de Presqueira, que ya está muy abajo del *Seixo*. *Río Piño*. Paséle. Nace muy cerca del río do Seixo, éste arriba, en el Gestido, y el Piño, abajo, en Pesqueira y Presqueira; y los dos se unen junto a Cerdedo.[28]

A parroquia de Cerdedo, esmiúzase en quince poboados. Estes son seus topónimos: Abelaíndo, (A) Cavadosa, Arén, (A) Revolta, Barro (de Arén), Biduído, Carballás,

---

[23] A saber: (Santa Eulalia de) Castro, (San Xoán (Bautista) de) Cerdedo, (San Martiño de) Figueroa, (Santa María de) Folgoso, (San Pedro de) Parada, (Santo Estevo de) Pedre, (San Tomé de) Quireza e (Santa Mariña de) Tomonde.

[24] As fontes do Lérez gurgullan na freguesía de Millerada, concello de Forcarei.

[25] Aplíquese aquilo de "o Castro leva a auga e o Lérez a fama": *xúntase o río do Castro co Lérez recibindo tanta auga como a que este trae*. RODRÍGUEZ FRAÍZ, A. (1987): *As pontes do Lérez*.

[26] Poboado do lugar de Meilide, parroquia de Cerdedo.

[27] Non nos debe abraiar daquela, que se transformase a paraxe nun parque eólico.

[28] SARMIENTO, Frei Martiño (1975): *Viaje a Galicia* (1745). Ed. de J. L. Pensado, pp. 162-163.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Cavenca, Cerdedo, Cernados, Chamadoira, Limeres, Lourido, Meilide e San Bernabé. A seguir dámos conta da semántica dos mesmos:

ABELAÍNDO *Ablaíndo, Belaíndo*.

O lugar de Abelaíndo está situado a tres quilómetros da capital municipal, rumbo sueste. Na aba oeste do monte do Seixo. A súa agra esténdese ata a beira do río do mesmo nome (curso medio).

Significado: *Terreo poboado de abeleiras ou abrairas. Abeledo. Abeleiral*. A presencia deste caducifolio (*Corylus avellana*), oferente de froitos saborosos e nutrices e raíces menciñeiras, foi numerosa no pasado (árbore de encosta e ribeira), hoxe, confinado nas marxes fluviais, supervive como espécime minoritario. Son os abeledos, sono de antigo, recantos propiciatorios da ritualidade amorosa. Vallan como proba os versos de Johan Zorro, o xograr: *Bailemos agora, por Deus, ay velidas, / so aquestas avelaneyras frolidas, / e quen for velida como nós, velidas, / se amigo amar, / so aquestas avelaneyras frolidas / verrá baylar*.[29]

Bibliografía:

> De *ABELLANETUM/*ABELLANETA "avellanedo/avellaneda", de ABELLANA "avellana" [*Nux Abellana* o "nuez de Abella", ciudad de la Campania, donde abundaban] [...] Abelaíndo, sin contracción y con cierre de e tónica en í, en Cerdedo.[30]
>
> Lat. ABELLANA NUX, de la pobl. it. **Abella** en Campania [...] El avellano es árbol o arbusto bien conocido en las laderas boscosas de Galicia [...] Abellanus-a es un adj. derivado de Abella, población de la Campania de Italia, de donde, al parecer, salió el nombre por abundar la especie.[31]
>
> **Abeleda**, **Abelenda**, **Abeledo**, **Abelendo**, **Abeledos**, **Abelaedo**, **Abelaído** e **Abelaíndo**, abundanciais de *abeleira*.[32]

Solucións populares: a) [a moza] vela indo [alá]. Seica tivo este lugar por veciña unha moza de beleza sen par. Gostaba pouco a fermosa muller de exhibi-lo seu don.[33] b) [o lugar] velo indo [alá]. Por ser aldeíña acochada entre montes.

---

[29] Estrofa inserida na súa *Bailada das avelaneiras frolidas*.

[30] MORALEJO LASSO, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*, pp. 342-343.

[31] RIVAS QUINTAS, E. (1982): *Toponimia de Marín*, p. 145.

[32] CABEZA QUILES, F. (1992): *Os nomes de lugar*, p. 478.

[33] Hai quen a relaciona coa fermosa e milagreira imaxe da Virxe do Socorro, custodiada na capela do poboado.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

(A) CAVADOSA

O lugar de A Cavadosa está situado a preto de sete quilómetros da capital municipal, rumbo sur. Na aba oeste do monte do Seixo, á beiriña do río do mesmo nome (curso alto).

Significado 1: *Terra traballada ó legón*. *Terra cavada*. Posúe A Cavadosa pouca terra de labor, anque boa e ben irrigada.

Tralo Entroido, daba comezo a trafega no agro.[34] Se o labrego quería ter patacas para o ano, debía primeiro rasparlle o terrón ás leiras[35] e coa mesma estercar.[36] Cavar, cavávase o día da bota.[37] Abríase o rego, virábase a terra e no rego aberto pousábase o terrón, púñase a semente no niño,[38] salferíaselle a mestura fertilizante e a seguir soterrábase. Semanas despois cumpría un apicotado.

Cavávase polo verán o terrón do monte, tarefa de cambotes,[39] para que unha vez amoreado e afogueirado servise a borralla de esterco. Xa no outono, sementábase nesta terra enriquecida o cereal (centeo, fundamentalmente).[40]

Bibliografía:

> Lat. CAVARE "ahuecar, cavar", part. romance **cavado –a** [...] El tema (cavar, cavada, cava...) es más que vulgar [...] En Marín, *cavada* es hoy sinónimo de *cachada* y ambos han perdido el sentido etimológico de "terreno roturado con azadón en el monte" que todavía conserva en otras partes [...] Cavada es el participio, romance, de cavar y éste del lat. CAVARE "id", derivado del adj. CAVUS "hueco", como cova.[41]

Significado 2: *Poboado situado no fondal da valga*. Derivado quizais da forma adxectival latína cava "fondo, profundo". O poboado está instalado nunha depresión do terreo. Este abaixamento é froito do traballo erosivo do río do Seixo, alí aínda torrenteira.

---

[34] Os labores que se enumeran a continuación remóntanse a antes da chegada da raspadeira e do arado de ferro (ferramenta industrial).

[35] As patacas púñanse (ou botábanse) no labradío e no baldío (campos, xesteiras). As xesteiras son terreos moi pataqueiros. Para raspar no labradío empregábase a sacha, o baldío requería o legón de sete libras.

[36] Alí onde fose posible. Ás xesteiras, polas dificultades de manobra, non se lles achegaba esterco anque si fertilizantes como a borralla, o cal e o mineral.

[37] Este labor executábase coa axuda do legón ou da sacha.

[38] Había quen, xente minuciosa, entre semente e semente deixaba a medida dun pé.

[39] Xornaleiros lalinenses.

[40] Co centeo adoitábase botar semente de toxo e xesta co fin de que viñesen para estrume.

[41] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia...*, p. 261.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Solucións populares: a) (A) cova da osa. Malia que non se atén á etimoloxía, non é desatino pensar que quizais estes fermosos mamíferos tiveron xacando, por hábitat, as ladeiras fragosas do Seixo, e por tobo calquera buraca so os numerosos afloramentos granitícos. b) Poboado sito no cabo da parroquia. O lugar de A Cavadosa é o poboado máis alonxado da capital municipal, de feito e por mor do seu histórico illamento[42] dálle terra a seus mortos no cemiterio de Caroi (parroquia do concello de Cotobade), na outra beira do río.

ARÉN

O lugar de Arén está situado a pouco máis de dous quilómetros da capital municipal, rumbo nordés. Á súa agra esténdese ata a beira do río do Castro (curso baixo).

Presencia do topónimo na onomástica persoal (apelidos).

Significado 1: Terreo areento. Topónimo derivado quizais do étimo latino harena "areal", por contraste cualitativo co lugar de Barro co que se vencella.[43] San Miguel de Arenancos, antiga denominación.

Significado 2: *Valiña*. *Bocarribeira*. Topónimo derivado quizais da partícula preindoeuropea ***ara*** "val, auga...".[44] Pousado nun altiño, cinguido pola serpe do río, domina o amplo val.

Significado 3: *Labradío*. Topónimo derivado quizais da forma verbal arar "labra-la terra facendo uso do arado" (do latín ARARE "labrar, cultivar, vivir do agro").[45]

O labrego, polo mes de abril, xa matinaba na sementeira do millo.[46] Comezaba por racha-la terra coa grade de dentes de ferro, esparexía a continuación o esterco e co arado de pao, efectuaba a labra (esfendedura). Repousaba a terra ata maio. No maio, o campesiño labraba e gradaba de novo, trazaba as rolas[47] e a voleo, botaba a semente ó chan. Trala sementeira, outras dúas pasadiñas de grade, unha de dentes e outra de costas, e a agardar boa anada.

Alá polo mes de xuño, o centeo do labradío, que fora sementado no outono, deixáballe o sitio ó millo miúdo e ó millo serodio. Abríase a terra coa grade de dentes de ferro, esfendíase co arado de pao, gradábase de novo, dispúñanse as rolas e a voleo, espállabase o gran.[48]

---

[42] A estradiña que o une con Abelaíndo é de onte para acá.

[43] Véxase: BARRO.

[44] Véxase: CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 38.

[45] Mais na zona non se ara, lábrase.

[46] Os labores que se enumeran a continuación remóntanse a antes da chegada da sementadeira (ferramenta industrial).

[47] Carreiros de sementeira.

[48] O centeo e o trigo requirían liturxia semellante.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Coa aparición da ferramenta industrial, o millo comezouse a botar coa sementadeira e as patacas co arado de ferro. A sementadeira arrecunchou ó aradiño de pao e a raspadeira a grades e legóns.

(A) REVOLTA

O lugar de A Revolta está situado a pouco máis de un quilómetro da capital municipal, rumbo sur. Na aba oeste do monte de Cavenca. A súa agra esténdese ata a beira do río do Castro, xa beneficiado das augas do río Seixo.

Significado: *Camiño retorto*. A Revolta esténdese a ámbolos dous lados da estradiña que conduce ós lugares de Lourido, Biduído, Chamadoira, San Bernabé e Limeres. Dende Cerdedo, accédese ó lugar deixando tras dun encrucillada costenta e virada. A estrada estréitase ó seu paso polo poboado.

Bibliografía:

> **revolta** (de *re* + *volta*). s. f. [...] Curva ou volta nun río, camiño ou estrada.[49]
>
> Camiños que describen unha curva pronunciada, circunstancia viaria que [...] orixina os nomes de lugar **Revolta**, **A Revolta**, **Revoltas**, **As Revoltas**.[50]

BARRO (de Arén)

O lugar de Barro está situado a pouco máis de dous quilómetros da capital municipal, rumbo leste. O poboado esténdese a ámbolos dous lados da estrada que nos achega ó lugar de Carballás, e a Presqueiras e San Domingos, estes, no concello de Forcarei. Barro, en orixe alargo do lugar de Arén,[51] é hoxe quinteiro irmandado: *Barro e Arén*.

Significado 1: *Terreo barrento*. Por contraste cualitativo co lugar de Arén co que establece vínculo.

Bibliografía:

> Prerrom. ***barro** "arxila"; quizás derivado de **bar-r** [Precélt. **bar-r-**, enfatización de **bar-** "altura"] [...] Todos los topónimos dichos son interpretados por el pueblo como "sitios de barro" [...] Barro "arcilla" es palabra gallega. El labrador de Morrazo divide sus tierras en: *nejras*, la de mejor calidad; *barrenta*, de mediana calidad; *areenta*, inferior.[52]

---

[49] *Diccionario Xerais da Lingua*. 1992, p. 763.

[50] CABEZA QUILES. F.: *Os nomes*..., p. 353.

[51] Barro é froito da colonización das terras localizadas a carón da devandita estrada, aberta modernamente.

[52] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia*..., p. 32-33.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

> Do prerromano ***barro**, "lama, fango" [...] sinalando sitios abondosos en barro.[53]

Significado 2: *Terreo choído con valo de estacas*. Hoxe, o arame de espiño foi substituíndo ós tradicionais sistemas de deslinde e cercado.

Bibliografía:

> Nombres comunes [...] también de origen remoto y problemático, han dado así mismo origen a topónimos. Tales son, por ejemplo, barro "arcilla", con *Barral*, *Barreiro*, *Barreira*, distinto de un *barrum* céltico "barrera, estacada" que puede ser el topónimo *Barro*.[54]

BIDUÍDO

O lugar de Biduído está situado a algo máis de tres quilómetros da capital municipal, rumbo sudoeste. Na cima do monte do mesmo nome (tamén, monte da Pighorela ou Pingorela).

Significado: *Terreo poboado de bidueiros*. Este vexetal caducifolio (Betula celtiberica) é aínda hoxe abundante. Árbore de rechamante casca branca. Na parroquia, brido, é unha das denominacións do espécime. Antigamente, a madeira de bidueiro empregábase para face-las pezas do arado de pao,[55] algún eixo para o carro, zocos, etc. As follas do bidueiro teñen amais, propiedades curativas.

Bibliografía:

> *Biduído*, de *BETULETUM, derivado del galo-lat. BETULLA "abedul", gall. *bido* / *biduo* / *bidueiro* [...] De la base celto-lat. *BETULUS, lat. BETULLA "*bido* o *biduo*", *bidueiro/a*, "abedul" son numerosos los *Biduedo* o *Biduído*, *Bidueiro*, *Bidueira*, *Bidueiral*.[56]

> Lat. vg. *BETULARIO, *BETULU, latinización del célt. ***betu** "abedul" [...] Este tema tiene un gran número de variantes en el gallego. Así abedugo, abedueira, abidueira, abedoeiro –a, abedugueira; bedolo, bídalo, biduleiro, bido, bideiro, bidro, bidrón, bidón, bidueira, biduo, biduleiro, bodelo. Todo por "abedul". El abundancial o bosque de abedules: biduedo, biduído, etc. [...] El tema también se ve en el it. y el fr., considerándose un préstamo celta.[57]

---

[53] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 245.

[54] MORALEJO LASSO, A.: *Toponimia*..., p. 29.

[55] Coa excepción do rastreiro. Para esta peza empregábase cerne de carballo, gañando en resistencia e durabilidade.

[56] MORALEJO LASSO, A.: *Toponimia*..., pp. 23 e 293.

[57] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia*..., p. 151.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

O bidueiro, do céltico ***betu**, é outra árbore que deixou impronta na toponimia. Posibles abundanciais desta especie arbórea son **Biduedo**, **Biduedos**, **Bidueda** e **Biduído**.[58]

CARBALLÁS

O lugar de Carballás está situado a algo máis de seis quilómetros da capital municipal, rumbo leste. Ubicado preto da cima do Seixo, un chisco batido do aire como o acredita a copla popular: *O capón de Carballás*[59] */ ten a crista revirada / que lla revirou o ar / unha mañá de ventada*.[60]

Significado: *Terreo poboado de carballos*. *Carballeira*. Contados, hoxe e no lugar, os exemplares de carballo (*Quercus robur*). O cerquiño (*Quercus pyrenaica*) é frondosa máis abundante.

O carballo é trabe cultural da galeguidade, árbore totémica. Vexetal lonxevo de porte maxestoso e sombra salutífera. Prodixiosas cualidades o distinguen.

O Carballo dos aires, exemplar centenario xa desaparecido. As mulleres de Carballás alzaban o centeo onde campaba.

Presencia do topónimo na onomástica persoal (apelidos).

Bibliografía:

Carballo [...] *Carballedo*, *Carballeda*, *Carballida* [...] *Carballo*: *Carballal*, *Carballeda*, *Carballeira* [...] *Carballo*, de *CARVALIU.[61]

Preindoeur. **car-b-** "planta de terreno fragoso, de roca, planta dura", de ***kar-** "roca" [...] Podemos deducir la importancia que el *roble* o *carballo* tuvo en nuestra zona por está plétora de nombres. Hoy su característico verdor apenas si resalta en tres o cuatro sitios. Las voces comunes: carballo, carballeiro, carballeira, carballeda, etc. son bien cococidas y vivas en la lengua [...] raíz *kar- incrementada con -b- (*karb- "planta dura").[62]

Ó carballo xenuíno ou *Quercus robur* [...] proveniente da voz prerromana ***carb**, "pedra, planta nada entre as pedras", refírense, entre outros, os topónimos **Carballo**, **O Carballiño**, **Carballo da Pedra**, e os abundanciais en *-al* e *-eira*, **Carballal**, **Carballeira**, **A Carballeira** e **Carballeiras**. Estes nomes de lugar, recollendo a tradición mítica da árbore, aparecen nos documentos antigos como puntos de referencia nos deslindes ou límites de territorios.[63]

---

[58] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 478.

[59] Catavento.

[60] Non nos debe abraiar daquela que sexa outeiro des onde chimparse en parapente.

[61] MORALEJO LASSO, A.: *Toponimia*..., pp. 22, 23 e 279.

[62] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia*..., pp. 155-156.

[63] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., pp. 147.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

CAVENCA

O lugar de Cavenca está situado a preto de un quilómetro da capital municipal, rumbo sueste. Na aba norte do monte do mesmo nome. A súa agra esténdese ata a beira do río do Seixo (curso baixo).

Significado: *Valgada*. *Vaganta*. A súa ubicación, empolicado na lomba do monte, xustifica o chamadeiro. San Salvador de Caviancos, antiga denominación.

Bibliografía:

> **caivanca** (do lat. CAVU = oco, cova). *s. f.* Pequeno val; depresión suave. Var. *Cavianca*.[64]

CERDEDO

Capital municipal. Situada a ámbolos dous lados da N-541 ou estrada de Ourense. A súa agra é regada polos ríos Lérez (curso alto) e Castro (curso baixo).

Significado: *Terreo poboado de cerdeiras*. Á árbore das cereixas (*Prunus avium*) foi no pasado espécime abundante, non só na parroquia de San Xoán senón en todo o concello, de aí o topónimo. Afamadas foron, en tempos, as cerdeiras da parroquia de Figueroa, anque o seu topónimo gabe outros froitos. Loa particular merece unha cerdeira, vedraño exemplar, que ata hai pouco reinaba no poboado de As Raposeiras (Meilide). As súas proporcións e anadas xenerosas permitían que un puidese enche-lo bandullo mentres repousaba deitado encol das súas pólas.

Bibliografía:

> El nombre de Cerdedo procede, según Millán González Pardo, de CERASETUM (lugar de cerezos), en gallego *cerdeiras*. Parece que sobre un producto fonético *cersedo*, hubo un influjo de asimilación regresiva de la -d-.[65]
>
> Topónimos del cerezo [...] como son *Cerdedo/-ido*, *Cerdeira*, *Cerdeiriña/-iño*, *Cerdeiroa*, *Cerdeiral*, *Cerdeiredo/-ido*.[66]
>
> Lat. CERASUS "cerezo", adj. sustantivado CERASEA, lat. tardío CERASARIA; del gr. *kérasos* [...] Del lat. tardío CERASIA, ceresia salió cereisa, cereixa [...] de *CERESETU>*cersedo>cerdedo. La base primera en el latín fue CERASUS, préstamo del gr. *kérasos*.[67]

---

[64] *Diccionario Xerais da Lingua*. 1992, p. 143.

[65] *Gran Enciclopedia Gallega*. 1974. Vol. VI, p. 124.

[66] MORALEJO LASSO, A: *Toponimia*..., p. 328 (n. 45).

[67] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia*..., p. 158-159.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

> De **Cerceda** cómpre dicir que provén de *cereceta*, abundancial en *-eta* de CERASUS, "cerdeira", por referencia a grupos deste froital [...] **Cerdedo**, de igual signficado.[68]

CERNADOS

O lugar de Cernados está situado a dous quilómetros da capital municipal, rumbo nordés. O poboado esténdese a ámbolos dous lados da estrada xeral PO-OU (N-541).

Significado: Terreos afogueirados. As queimas eran tarefas agrícolas previas ó labor de cava. Como xa quedou dito,[69] o terrón arrincado no baldío amoreábase e deixábase secar. Unha vez seco, plantábase o lume nel. A borralla empregábase como fertilizante. Estes terreos daban boas centeeiras.

Bibliografía:

> *Cernada* [...] de *CINERATA "quemada, incinerada" (¿tierra?).[70]

> Lat. vg. *CINERARE, CINERATA "volver ceniza, quemar", del lat. CINERE "ceniza" [...] En latín vemos: CINIS, -ERIS "ceniza" [...] derivado CINERARIUS [...] Tuvo que existir también, de CINERE, como CINERARIUS, el verbo *CINERARE, part. (TERRA) CINERATA, resultado de quemar terrones como todavía se hace con las borralliñas, borreas, borrelas, borroas, tolas o toleiras, por Galicia adelante.[71]

> O topónimo **Cernada**, moi corrente en Galicia, debe provir da voz *CINERATA, derivada da latina CINIS, "cinsa" [...] **Cernada** seguramente fai referencia a unha terra queimada, práctica agrícola moi corrente para a colonización de terras virxes [...] Outros topónimos similares, que parecen referirse a antigas queimas para a roturación do monte, son os **As Cernadas**, **Cernadiña**, **Cernadela**, **Cernadelo**, **Cernado**, **Cernadiño**, **Cernados**.[72]

CHAMADOIRA

O lugar de Chamadoira está situado a pouco máis de catro quilómetros da capital municipal, rumbo sudoeste. Na aba oeste do monte do mesmo nome (tamén coñecido por monte de Costoa). A súa agra esténdese ata a beira do río das Cervas (curso alto).

---

[68] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 477.

[69] Véxase: A CAVADOSA.

[70] MORALEJO LASSO, A.: *Toponimia*..., p. 335 (n. 81).

[71] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia*..., pp. 262-263.

[72] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 145.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Significado: *Alto des onde dar voces*. Topónimo derivado quizais da forma latina *CLAMATORIA de CLAMATOR "voceador".[73] Dende o lugar e beneficiándose da reflexión das ondas sonoras, pode un comunicarse co veciño San Bernabé, fronte Chamadoira, no baixo, sen ter que depender da telefonía.

LIMERES

O lugar de Limeres está situado a tres quilómetros da capital municipal, rumbo sudoeste. Na aba norte do monte do mesmo nome. A súa agra esténdese ata a beira do río Cervas (curso baixo).

Presencia do topónimo na onomástica persoal (apelidos).

Significado 1: *Terreo lamacento*. A toponimia menor (*A Barreira*, *As Barrozas*...), insiste nesta característica do solo.

Bibliografía:

> O topónimo **Limia**, coñecido nome de lugar da provincia de Ourense, provén dunha base moi antiga **lim*, seguramente emparentada con *lam*, "lama, lodo", que para autores como M. Pidal é ambro-ligur-iliria. Este apelativo, de singular importancia na historia antiga de Galicia, ten sido tratado, entre outros, por autores como E. Rivas, Tovar e Rabanal en termos similares e sempre con relación á devandita voz *lama*.[74]

Significado 2: *Terreo poboado de umeiros*. O olmo ou umeiro de montaña (*Ulmus glabra*) é hoxe en día, na zona, unha rareza vexetal.

Bibliografía:

> El céltico **limos/lemos* que se corresponde por su forma y significación con el lat. ULMUS "olmo".[75]

LOURIDO

O lugar de Lourido está situado a preto de dous quilómetros da capital municipal, rumbo sur. Na aba oeste do monte de Cavenca.

Significado 1: *Terreo pedrallento*. As súas características edafolóxicas xustifican a solución.

Bibliografía:

---

[73] Ou derivado romance.

[74] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 239.

[75] MORALEJO LASSO, A.: *Toponimia*..., p. 67.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

> O topónimo **Louro** ten sido interpretado como proveniente do latín clásico LAURUS, por referencia ó loureiro, especie vexetal que non se atopa nos lugares así chamados, onde si abunda, en troques, a pedra, xa que o étimo **Louro** fai referencia, segundo pensamos, a ese elemento da natureza [...] A mesma orixe que **Louro** [...] parece te-lo topónimo **Lourido**, tamén explicado moitas veces como abundancial de LAURETU, "conxunto de loureiros", cando pode facer referencia, segundo pensamos, a terreos pedrosos ou canteiras [...] A base que se corresponde con todos estes topónimos debe ser un radical parecido a **lar* ou **lor*, ou un menos comprometido **l'r* "rocha, pedra" [...] En Galicia o radical **l'r* aínda está presente na palabra *louro*, que os nosos diccionarios codifican co significado de penedo.[76]

Significado 2: *Terreo poboado de loureiros*. O loureiro (*Laurus nobilis*) é especie ventureira pouco dada a formar bosques. Árbore mítica. Os gallos de loureiro e oliveira, bendecidos no Domingo de Ramos, escorrentan o trebón. As folliñas de loureiro son típico adobío de castañas cocidas e patacas guisadas.[77]

Bibliografía:

> *Lourido* , de LAURETU [...] *Lourido* [...] de LAURUS "loureiro, laurel".[78]
>
> Lat. vg. LAURARIU "laurel", del lat. LAURU "id" [...] La forma *loureiro* es la común en toda Galicia; formación del lat. vg., adjetival en principio, sobre el latín clásico LAURUS "laurel". Otros derivados, ya latinos, son: LAUREUS, LAURINUS, LAURETUM o LORETUM "lauredal".[79]

MEILIDE

O lugar de Meilide está situado a quilómetro e medio da capital municipal, rumbo sueste. A súa ampla agra esténdese ata a beira dos ríos Seixo e Castro (cursos baixos).

Significado 1: *Terras (propiedade) de Melito*.[80] Nome dun antigo terratenente.

Bibliografía:

> **Melide**, nome repetido varias veces en Galicia [...] quizais procedente dunha *(VILLA) MELLITI, xenitivo posesivo do nome persoal latino MELLITUS, ben documentado.[81]

---

[76] CABEZA QUILES. F.: *Os nomes*..., pp. 299 e 300.

[77] O loureiro como condimento, favorece a dixestión.

[78] MORALEJO LASSO, A.: *Toponimia*..., pp. 283 e 308. A Virxe do Loreto, advocación da capela de Meilide.

[79] RIVAS QUINTAS, E.: *Toponimia*..., pp. 173-174.

[80] *Melito* ou *Melitón* "doce coma o mel", antropónimo de orixe latina.

[81] CABEZA QUILES, F.: *Os nomes*..., p. 283.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

Significado 2: *Paraxe fermosa*. *Locus amoenus*. O lugar de Meilide estarrícase ó longo da encosta montesía. Coroado pola Laxamoura, flanqueado por xunta de ríos que sucan seus lindes. O poboado é enteiramente visible dende a capital do municipio. Na parroquia escóitase: ¡Mira que bonito é Meilide desde aquí (dende Cerdedo)! ou ¡Mira que bonito é Cerdedo desde aquí (dende Meilide)! Cerdedo e Meilide, fite a fite, ocupan as bancadas dun circo natural, onde e na arena, bátense o Seixo e o Castro, feras de auga. Os únicos lugares visibles dende Cerdedo, fóra Meilide, son Cavenca, Arén e Lourido.

Bibliografía:

> El conocido *Melide* (cast. *Mellid*) es continuación clara del adjetivo del célt. común MELIDDI- "dulce, meloso, suave": irl. ant. *milis*, ky. *melys* y el nombre de persona galo *Meliddus*[82] (otras veces grafiado *Melissus*, aproximadamente) [...] *Melide* es famosa desde antiguo por las muchas golosinas que fabrican allí las mujeres del pueblo y venden tradicionalmente [...] Por lo demás el nombre se repite en Galicia: otro *Melide*[83] agregado de Cerdedo (junto a Pontevedra). [84]

SAN BERNABÉ

O lugar de San Bernabé está situado a preto de cinco quilómetros da capital municipal, rumbo sudoeste. A súa agra esténdese ata a beira do río das Cervas (curso alto).

Significado: *Lugar baixo a protección do santo*. Atópase no lugar a ermida de San Bernabé que da abeiro, entre outras, á imaxe titular da advocación. O San Bernabé de inverno celébrase o 6 de xaneiro, o San Bernabé do verán o 11 de xuño. Din que cando morría no ano un confrade do San Bernabé, chovía o día da festa. *¡Ai San Bernabé (do vrau)!* Expresión de abraio adoito escoitada.

Segundo a tradición, a sobredita imaxe foi atopada no lugar onde hoxe se ubica a capela. Este recanto foi en tempos mesta carballeira, algo decimada na actualidade. Estas árbores, máxicas abofé, arredan o tangaraño, o *anghenido* ou calquera outro mal estraño, se se saben invoca-los seus poderes. Quizais, o costume de leva-los cativos afectados de raquitismo en presencia do santo[85] sexa reminiscencia destas antigas prácticas. O santo tamén é moi avogoso dos rapaces trastolos ou toleiráns: *¡San Bernabé te fagha bo!*

Bibliografía:

> Do arameo *bar* "fillo" e *nabwh* "profecía": "fillo da profecía", profeta", latinizado en Barnabas e a través do francés Barnabé, con paso do a tónico a é,

[82] A grafía <*dd*> pretende substituír á delta xeminada da referencia bibliográfica.

[83] Errata?

[84] COROMINAS, J. (1976): «Elementos prelatinos en los romances hispánicos». In: *Actas del I Coloquio sobre lenguas y culturas prerromanas de la península Ibérica*, p. 139.

[85] Era costume que os ofrecidos pasasen por debaixo da imaxe.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)

> como Tomé [...] **Iconografía**: viste túnica (coma os demais apóstolos), ás veces tamén aparece vestido de bispo, atributos persoais: o evanxeo de Mateo na man e mailas pedras da súa lapidación (por iso é invocado contra a sarabia)[86].

Sumas finais:

Nº de topónimos: 15

Fitónimos: Abelaíndo, Biduído, Carballás, Cerdedo // Limeres, Lourido
Orónimos: Arén, Barro, Cavenca, Lourido, Limeres // A Cavadosa
Agrónimos: A Cavadosa, Cernados // Arén, Barro
Morfónimos: A Revolta // Meilide
Antropotopónimos: Meilide
Haxiotopónimos: San Bernabé
Outros: Chamadoira

As Raposeiras, marzo marzal de 2000

[86] *Diccionario dos nomes galegos Ir Indo*. 1992, p. 162.

BDD-A5198 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:58:20 UTC)